



RESOLUCIÓN do 19 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

O punto décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, establece a posibilidade de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

Logo de esgotadas as listas correspondentes ao corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006), procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas ás correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de matemáticas (590006).

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Posuír algunha das titulacións ou condicións que se indican a continuación:

- Profesores de ensino secundario:

Especialidade	Titulacións*
590006 Matemáticas	Licenciatura en: - Matemáticas. - Informática. - Física. - Ciencias e Técnicas Estatísticas.



590006 Matemáticas	Enxeñería superior. Arquitectura. Títulos de grao correspondentes. Estar habilitado/a para impartir docencia no ensino privado en Galicia na materia de "Matemáticas".
-----------------------	---

* NOTA: Tamén son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro)

No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22), Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial do Estado do 20 de novembro).

2. Posuír a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Con carácter xeral, reunirán este quen estea en posesión do título oficial de *máster* universitario que habilite para o exercicio das profesións de profesor de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional ou escolas oficiais de idiomas. A especialidade que conste no citado título facultará para a presentación do persoal aspirante en calquera especialidade.

Estará dispensado da posesión do citado título o persoal aspirante que acredite ter, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de aptitude pedagóxica ou do certificado de cualificación pedagóxica.
- Estar en posesión do título de mestre, diplomado en profesorado de educación xeral básica, mestre de ensino primario, licenciado en Pedagogía ou en Psicopedagogía. Así mesmo, tamén estarán exentos os que estivesen cursando algunha das tres anteriores titulacións e tivesen cursado 180 créditos destas na citada data do 1 de outubro de 2009.
- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, durante 12 meses exercidos en períodos continuos ou descontínuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados, nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, ou de bacharelato, ou de formación profesional, conforme o previsto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro.



3. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

4. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

5. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude e un aboamento de taxas por cada unha das especialidades nas que desexe inscribirse. Con elas deberán achegar cuberto o modelo de alegación de méritos, e unha copia compulsada da documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena. O modelo de solicitude e de alegación de méritos serán os que figuren publicados no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es no apartado de profesorado>xestión de profesorado.

As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar unha copia compulsada da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias,



publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

2. O prazo para formular solicitudes, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es. No caso de optar pola presentación da solicitude e demais documentación nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada pola persoa funcionaria antes de ser certificada.

Cuarta. Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas

(Códigos: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, Inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma: código 30.03.01).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 17,32 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).



Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (carga en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo da xustificación do pagamento das taxas, no que figure de ser o caso o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Quinta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sexta. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o disposto no anexo I da Orde do 7 de abril de 2017 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso a corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de abril).

Logo de realizada a valoración dos méritos, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Sétima. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es.

Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Oitava. Orde de chamamentos

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos posterior ao do persoal interino e substituto da mesma lista que foi seleccionado en convocatorias anteriores.

Novena. Baremo

En aplicación do que dispón o apartado décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado por medio dunha Resolución do 28 de xuño de 2017 no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo), o baremo aplicable na valoración dos méritos será o que figura como anexo II da Orde do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de



formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A) (*Diario Oficial de Galicia* do 21 de marzo).

Décima. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

